

Apuntamentos de Nova Escola Galega ao III Informe sobre o cumprimento en Galicia da Carta Europea das Linguas Rexionais e Minoritarias (CELRM)

Nova Escola Galega é un movemento de renovación pedagóxica que naceu en 1983 coa finalidade de impulsar a renovación educativa e a galeguización do ensino. Está formado por profesorado dos diferentes niveis do sistema educativo e por outros profesionais da educación.

NEG desenvolve un amplo traballo no ámbito da formación permanente do profesorado e na elaboración de propostas e de materiais educativos, sendo editora da *Revista Galega de Educación*, única revista editada en galego no ámbito da educación. Un dos seus principais eixes de traballo é o da normalización lingüística, sobre o que leva elaborado diferentes análises e propostas de actuación que se recollen no Anexo a este documento.

Conta con representación no Consello Escolar de Galicia e foi declarada asociación de utilidade pública no ano 2006.

En relación co III Informe sobre o cumprimento en España da Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias, do Consello de Europa 2006-2009, cómpre sinalar que, principalmente no que atinxe ao ensino, os avances que nel se recollen non tiveron continuidade, ao derogárense as normas que regulaban distintos aspectos que afectan ao currículo das diferentes etapas educativas e, fundamentalmente, ao espazo para o galego, sendo substituídas por novos decretos nos que o galego retrocede na súa presenza efectiva. Igualmente algunhas das iniciativas que contaron co recoñecemento explícito do Comité de Expertos sobre a Carta no segundo ciclo de supervisión (2008), como é o caso da rede de

escolas infantís “Galescolas”, sufriu drásticas modificacións ao eliminarse a súa orientación galeguizadora.

Outros aspectos que se poden considerar de apoio ou acompañamento indispensable para lograr un ensino de calidade na lingua propia de Galicia foron obxecto de importantes recortes orzamentarios, nuns casos, ou de paralización e supresión de iniciativas, noutros.

1. Cambios legislativos

Atendéndolles aos compromisos adquiridos coa sinatura da CELRM e tomando en consideración o conxunto de medidas que se relacionan coa aplicación do artigo 8. Ensino Parágrafo 1, nos apartados relacionados cos diferentes niveis do ensino, o III Informe recolle avances derivados da implantación do *Decreto 124/2007, de 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo*, que na práctica entrou en vigor no curso 2007/2008. Hai que advertir que tal disposición estivo vixente unicamente ese curso e o seguinte, que xa rematou coa súa derogación e coa implantación dunha nova norma, o *Decreto 79/2010, de 20 de maio para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*.

A xuízo das institucións e órganos máis relevantes do país en materia de lingua e educación, a nova norma e os borradores previos, que foron obxecto de debate público e institucional, representan un punto de inflexión, de retroceso sen precedentes

para a lingua galega e para o papel que se lle pretende outorgar á institución escolar no seu desenvolvemento.

Esta novo decreto renuncia de plano a obxectivos normalizadores para o galego, aínda recoñecendo a súa necesidade de protección, e declarándose amparado por leis como a Lei de Normalización Lingüística, o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega ou a Carta Europea das Linguas Minoritarias e Rexionais, ás que reiteradamente contravén, como pode comprobarse revisando o seu articulado.

Un aspecto especialmente rechamante desta nova norma é o seu baseamento. Non hai un alicerce científico, quer do ámbito da sociolingüística quer do da pedagogía, que xustifiquen o cambio normativo. O único fundamento procúrase na consulta realizada ás familias en xuño de 2009, da que unicamente se ofreceron datos globais. Unha cala na opinión das familias nun determinado momento é o soporte desta norma. Cala feita cun procedemento de consulta cuestionado na súa validez e fiabilidade polo conxunto de institucións relevantes en materia educativa e lingüística.

Os datos coñecidos a través de relevantes estudos publicados (promovidos desde a Real Academia Galega, desde o Consello da Cultura Galega, as Universidades galegas, o Instituto Galego de Estatística...) poñen de manifesto a acelerada perda de falantes, sobre todo nas contornas urbanas, así como a falta de transmisión xeracional, aspectos centrais que non se consideran elementos a valorar, e óptase por promover unha norma que restrinxo o uso do

galego no ámbito escolar e que emite ademais unha mensaxe social regresiva e tendente á súa minoración.

Cómpre destacar así mesmo o significado regresivo que ten a nova norma, incumprindo o mandato de progresividade do uso do galego no ensino previsto na Lei de Normalización Lingüística (LNL, art. 13.2) e sen térense acadado obxectivos normalizadores que garantan a igualdade no uso das dúas linguas cooficiais.

Particularmente salientables resultan os seguintes feitos:

-Por primeira vez na democracia pónselle límites ao desenvolvemento da nosa lingua no marco escolar, en aras dun pretendido equilibrio entre linguas, que ningún estudo sociolingüístico ou pedagóxico coñecido pode avalar, e que contradí o sentido da lexislación promovida a prol do idioma galego desde a aprobación do Estatuto de Autonomía en 1981.

Tanto o *Decreto 247/1995* como o *124/2007* establecían porcentaxes mínimas de materias en galego, no primeiro caso do 35% e no segundo do 50%; pero coas dúas normativas podía incrementarse a porcentaxe de ensino en galego se o centro o aprobaba a través do Consello Escolar. A nova norma establece, por vez primeira, un tope máximo para o galego, que sorprendentemente coincide co mínimo establecido no decreto anterior e no PXNLG aprobado polo Parlamento no 2004. Tal límite pode aínda verse rebaixado a un 33% , ao producirse un aumento no número de materias que se poderán impartir en inglés como resultado da medidas de que a estes efectos promove a administración educativa

-Ademais, a norma aprobada fai desaparecer o idioma galego do ámbito científico-tecnolóxico, profundando nos prexuízos respecto da lingua propia e ignorando o traballo realizado neste ámbito polo profesorado e as comunidades educativas.

Cómpre sinalar que ningún dos anteriores decretos prohibía expresamente o emprego do galego como lingua vehicular en ningunha materia ou área.

Os esforzos realizados polas comunidades educativas de moitos centros escolares para normalizar a lingua propia do país resultan ,no novo escenario que se formula con esta norma, un “exceso” que se pretende reconducir, aínda constatando que as aprendizaxes en galego dende hai anos -como nas Ciencias- producen resultados positivos. Así, nos das Ciencias recollidos no informe PISA 2006, podemos comprobar esta afirmación: Galicia (505) está por diante do País Vasco (495), Cataluña (491), Andalucía (474), da media española (488), do total internacional (461) e do total da OCDE (491), sendo a media OCDE de 500.

2. A nova situación nas diferentes etapas educativas

Considerando os compromisos asinados no marco da CELRM con referencia ás distintas etapas educativas, pode observarse como, en relación co previsto nos distintos apartados, a involución experimentada en relativamente pouco tempo é moi preocupante:

Apartado a, i): prever unha educación preescolar garantida nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes.

-O avance que o anterior decreto (124/2007) supuxo, especialmente para a etapa infantil, queda coutado, toda vez que neste nivel estarase a expensas da determinación que as familias declaren respecto da lingua materna. Contra todas as opinións rigorosamente fundamentadas, ese dato é o único a ter en conta para decidir a lingua predominante na aula e non se fixa porcentaxe ningunha que salvagarde un mínimo emprego do galego nesa etapa.

Non existe garantía ningunha de respecto ao compromiso adquirido polo Estado neste ámbito, posto que non hai unha oferta de ensino en galego nesta etapa, agás no caso de que a posición predominante por parte das familias así o determine. Cando isto non sucede, a presenza do galego nas aulas de infantil é practicamente inexistente, conculcándose o dereito dos nenos e nenas galegofalantes a seren educados na súa lingua materna.

O decreto anterior, sustentado nas medidas incluídas no PXNLG, supuxo un paso adiante, demandado tanto polo propio Consello Escolar de Galicia no seu Informe sobre Evolución e Estado Actual do Sistema Educativo en Galicia, publicado en 2007, como por expertos do ámbito da sociolingüística e da pedagogía, e introducía medidas relacionadas coa aprendizaxe da lecto-escritura que desaparecen na nova norma.

A Lei de Normalización Lingüística establece o dereito a recibir o primeiro ensino na lingua materna. As normas regulamentarias que a desenvolvan deben establecer como se garante tal dereito

facéndoo compatible co principio de non-separación en aulas diferenciadas, con carácter xeral.

O decreto 79/2010 referíndose a esta cuestión presenta baleiros importantes. No seu art. 5.1. establece que: “Na etapa de educación infantil, o profesorado usará na aula a lingua materna predominante entre o alumnado, ben que deberá ter en conta a lingua do contorno e procurará que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia dentro dos límites da etapa ou ciclo”. E no 5.3. estipula: “Atenderase de xeito individualizado o alumnado tendo en conta a súa lingua materna”. Non queda por tanto garantido que o alumnado reciba o ensino na súa lingua materna nin sequera cando sexan obxecto de atención individualizada, porque non se establece a obriga de uso desta lingua de acordo co dereito establecido pola mencionada lei.

O modelo de determinación da lingua materna escollido pola Xunta de Galicia, consistente nunha pregunta en que as únicas opcións de resposta son galego ou castelán, resulta ineficaz para coñecer a realidade sociolingüística que lle afecta ao alumnado. Non permite considerar situacións máis complexas, pero non infrecuentes, como as familias en que as dúas linguas poidan estar presentes no contexto familiar, as familias inmigrantes e outras. A fixación da lingua materna desde había anos efectuábase cos datos dun cuestionario máis completo cuberto polas familias no momento da primeira matrícula nos centros; información que, de acordo co decreto anterior, se complementaba tamén con datos procedentes de estudos sociolingüísticos contrastados.

A administración educativa non ofreceu aínda datos sobre os resultados desta enquisa de pregunta única e sobre as súas consecuencias na primeira escolaridade. Os datos dos que dispoñemos, proporcionados polo sindicato STEG falan de que un 40% das familias optou polo galego; porén, no 90% das aulas de infantil impúxose como lingua maioritaria o castelán.

Neste tramo da educación, pero no período 0-3, hai que lamentar a fin das denominadas “Galescolas”, rede de escolas infantís, cunha orientación lingüística a prol do galego baseada no establecido polo PXNLG. Desde setembro de 2009 a rede de escolas infantís de Galicia mudou a súa denominación pola de “A Galiña Azul” e coa aprobación do novo currículo desta etapa (Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia) xa non se contemplaron, malia a estaren vixentes naquel momento, as orientacións do mencionado PXNLG contidas no Decreto 124/2007, derrogado no 2010.

Foron igualmente liquidadas as liñas en galego en educación infantil, tramo de 3-6 anos, a pesar da crecente demanda. No ano 2009 suprimíranse as axudas a estas iniciativas e, coa entrada en vigor do novo decreto, xa non se lles deu continuidade. Esta medida afectou a 23 centros públicos e 19 da rede concertada emprazados principalmente nas cidades (Ferrol, A Coruña, Vigo, Lugo e Ourense), precisamente nas contornas nas que os datos sobre a perda de falantes en galego son máis preocupantes, e malia ser unha demanda das familias.

apartado b, i): prever unha educación primaria garantida nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes

Non existe garantía ningunha de respecto ao compromiso adquirido polo Estado neste ámbito, posto que non hai unha oferta de ensino en galego nesta etapa, e ademais retrocédese nas porcentaxes de materias que poden impartirse en galego.

Derrogado o decreto 124/2007, co novo Decreto 79/2010 na educación primaria retrocédese a situacións inéditas desde a aprobación da LNL (1983), apelando á “tradición” para deixar o ámbito científico fóra das materias contempladas para o galego, en clara contraposición co estipulado no PXNLG. O novo decreto establece que se imparta en galego a área de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a de Matemáticas.

Así mesmo, o art. 6.4 indica que “Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares”.

Este artificioso procedemento establecido para garantir un pretendido equilibrio entre linguas que non están ao mesmo nivel de desenvolvemento social desconsidera o traballo que viña realizando a institución escolar a prol da consecución de maiores espazos para o galego, toda vez que os estudos sociolingüísticos nunca

detectaran problemas de competencia lingüística para o castelán e si para o galego, así como unha progresiva perda de falantes nesta lingua.

apartado c, i): prever unha educación secundaria garantida nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes

Non existe garantía ningunha de respecto ao compromiso adquirido polo Estado neste ámbito, posto que non hai unha oferta de ensino en galego nesta etapa, e ademais retrocédese nas porcentaxes de materias que poden impartirse en galego.

-Na educación secundaria, e atendendo ao reparto de materias para ambas linguas que se concreta no novo decreto, a consecución do “equilibrio” en canto ao número de horas de docencia é, na práctica, imposible de conseguir.

En concreto na ESO (Ensinanza Secundaria Obrigatoria) afástase o galego para o ensino do ámbito científico tecnolóxico.

Nesta etapa o decreto determina que se impartirán en galego as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía; e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.

O procedemento para determinar a lingua de impartición das restantes materias do currículo é idéntico ao previsto na primaria.

No Bacharelato, sen indicacións específicas, establécese a obriga do reparto ao 50 %.

A aplicación do decreto neste primeiro curso sacou á luz numerosos problemas que imposibilitan acadar ese pretendido equilibrio. Tanto

na ESO coma no Bacharelato, a medida que ascendemos nos diferentes chanzos do sistema, as circunstancias da optatividade fan que as disposicións previstas no novo decreto sexan imposibles de cumprir, agás se se realiza unha escolla alumno/a a alumno/a da lingua vehicular de todas as materias que vaia cursar, opción absolutamente inviable desde a perspectiva da organización dos centros.

apartado d, i): prever un ensino técnico e profesional garantido nas linguas rexionais ou minoritarias correspondentes

Non existe garantía ningunha de respecto ao compromiso adquirido polo Estado neste ámbito, posto que non hai unha oferta de ensino en galego neste ámbito, e ademais retrocédese nas porcentaxes de materias que poden impartirse en galego.

Co novo decreto, na Formación Profesional establécese a obriga do reparto ao 50 %, eliminándose a do uso do galego nos módulos de especialidade.

Tamén para o caso da Formación Profesional, integrada na etapa de educación secundaria, e polos mesmos motivos, as estipulacións establecidas no decreto vixente sobre o equilibrio das linguas son imposibles de levar á práctica.

3. Consecuencias para a normalización do galego no ámbito escolar

Tomando en consideración as observacións sobre cada unha das etapas pódese concluír que con esta nova regulación a institución escolar non pode desenvolver o papel de axente normalizador que as leis lle outorgan. Moi ao contrario, no canto de que a escola

traballe para desbotar prexuízos instalados na sociedade sobre a validez do galego para determinados ámbitos científicos, obrígase a súa reprodución, desenvolvendo unha visión diglósica da lingua propia.

O decreto actualmente en vigor foi promovido baixo un falaz criterio de liberdade de escolla, das familias e/ou do alumnado.

Se ben nos borradores previos a determinación das linguas vehiculares de parte do currículo das diferentes etapas educativas pasaba a depender de periódicas consultas ás familias, a norma finalmente publicada fixou esta posibilidade unicamente para a etapa infantil. Considerando o marco legal ao que debe aterse unha norma destas características tal posibilidade choca de xeito frontal con disposicións de maior rango legal. A maior parte das institucións e organizacións que manifestaron o seu desacordo fixérono en boa medida por entenderen que a posibilidade de consulta estaba fóra de lugar por razóns de legalidade, e por outros motivos de carácter pedagóxico e social. Con todo, o goberno non renuncia completamente a formular tal posibilidade, levando a aprobación moi recentemente no Parlamento de Galicia a “Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa”, que pretende darlle cobertura legal a posibles consultas para determinar a elección das linguas vehiculares no ensino por parte das familias. Un aspecto moi concreto e polémico desta liberdade de escolla é a posibilidade que se recolle no art. 13.3 de que “*o alumnado poida utilizar nas manifestacións oral e escrita a lingua oficial da súa preferencia*”, poñendo en perigo a consecución de competencias

lingüísticas que, obviamente, só poden adquirirse co uso regular oral e escrito do idioma. Esta opción é contraditoria coa esixencia legal que contempla tanto a LNL, que no seu art. 14.3 reclama a necesidade do coñecemento do galego “*nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán*”, como a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación, que no art. 17.e) establece como un dos obxectivos para a educación primaria “*Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua castelá e, se a houbese, a lingua cooficial da comunidade autónoma e desenvolver hábitos de lectura*”, e no art. 23.h) no que recolle para a educación secundaria obrigatoria o obxectivo de “*Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, de a haber, na lingua cooficial da comunidade autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura*”; e no bacharelato indica no art. 33.e) que o alumnado debe “*dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, de ser o caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma*”.

Non parece por tanto de recibo deixar a criterio do alumnado en formación a posibilidade de desenvolver competencias efectivas nas dúas linguas cooficiais, cando é un obxectivo que ten establecido o propio sistema educativo. Máis aínda, este dereito á ignorancia que o alumnado pode esgrimir como irrenunciabile, pode desbotar o emprego de estratexias didácticas para conseguir que os estudantes sexan tamén competentes na súa fala e na súa escrita, e por exemplo dominen terminoloxía suficiente en galego

coa finalidade de poderen ampliar con seguranza o seu uso a contextos concretos, máis aló dos escolares.

Nova Escola Galega entende que a administración debe amparar o profesorado no cumprimento dos obxectivos que marca a lei para a adquisición das competencias, facilitando un traballo serio neste ámbito.

O novo decreto non quixo tampouco deixar vías abertas a aqueles proxectos consolidados desde o punto de vista normalizador, e que o propio PXNLG consideraba un activo. Non hai posibilidade para proxectos experimentais, para unha transición á nova situación e atenuar os conflitos no seo das comunidades escolares. Tampouco se previron medidas de transición para o emprego dos libros de texto e outros materiais educativos, nun momento no que se eliminou o sistema de préstamo de gratuidade universal.

Desta maneira, e desbotando outras opcións de menor custo económico, ético e se cadra tamén estético, negáronlles validez aos libros de texto en galego para o estudo das materias que o decreto reserva para seren impartidas en castelán. A proclama da austeridade non é aplicable ao dispendio que supuxo esta medida, máis aínda en tempos de crise, e non se reparou tampouco na kafkiana imaxe dunha administración educativa que, debendo protexer e promover a lingua propia, prefire considerar como refugallo os libros de texto redactados en galego.

Entendemos, desde NEG que a Consellería de Educación lle negou á comunidade educativa, e particularmente ao profesorado, un mínimo recoñecemento ao seu labor normalizador, considerando os

logros a prol do galego como un problema. Non está sendo menor a dificultade das comunidades educativas para renunciaren aos avances conseguidos na elaboración e desenvolvemento dos proxectos lingüísticos de centro desde a racionalidade pedagóxica.

4. Outras medidas regresivas no ámbito educativo:

Paralelamente ao trámite do decreto e no marco da súa particular concepción de austeridade, a Consellería de Educación recortou drasticamente as partidas destinadas ao fomento do uso da lingua galega, o que supuxo a redución dun 20% nos proxectos de dinamización e normalización lingüística.

Non obstante, o problema non procede da carencia de recursos económicos, porque os feitos evidenciaron como se poden destinar cantidades moi importantes sempre que o obxectivo sexa a regresión e a desprotección da lingua (cambio de sinalética das antigas “galescolas”, contratación de empresas para a realización da consulta lingüística, desbaldimento de recursos ao rexeitar os libros en galego xa existentes...).

Ademais algunhas liñas de ataque nin tan sequera precisaron de investimentos específicos, chega coa modificación das normas ou coa supresión de accións; caso por exemplo da nova Orde de Bibliotecas Escolares, que remata coa esixencia de que, como mínimo, o 50% das adquisicións sexan de libros en galego, establecendo un criterio que non garante a presenza duns mínimos imprescindibles de obras na nosa lingua.

Igualmente o programa Abalar, estratéxico para a Consellería de Educación, que ela mesma define como “o proxecto que substancia a estratexia para a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia”, presenta importantes carencias pola súa falta de recursos en galego para o traballo nas distintas materias do currículo.

A falta de apoio ao profesorado que imparte as súas materias en galego, ao non ofrecerlle recursos neste idioma, afonda en que a docencia sexa percibida como unha carreira de obstáculos que, ademais, tampouco conta con estratexias de asesoramento e formación ao profesorado implicado e á comunidade educativa de referencia.

5. Repercusións institucionais e sociais

Que o tema da lingua con este cambio de normativa esta sendo, xa que logo, de longo e tortuoso percorrido evidenciouse no rexeitamento da totalidade das institucións de relevancia (**Real Academia Galega, Consello da Cultura Galega, Instituto da Lingua Galega, Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística das universidades galegas...**), así como da inmensa maioría dos representantes da comunidade educativa, a través das entidades educativas, sindicais...; hai que lembrar que o **Consello Escolar de Galicia** aprobou unha emenda á totalidade que rexeitaba o anteproxecto de decreto e que o **Consello Consultivo de Galicia** esgrimiu tamén importantes razóns de legalidade e oportunidade ao texto, que só parcialmente foron tidas en conta.

Distintas organizacións e entidades recollen unha escolma dos pronunciamentos sinalados:

[http://www.ctnl.org/web/notic.php?ide=510&desc=compilacion de artigos, analises e posicionamentos publicos sobre as bases da xunta para derrogar o dec](http://www.ctnl.org/web/notic.php?ide=510&desc=compilacion%20de%20artigos,%20analises%20e%20posicionamentos%20publicos%20sobre%20as%20bases%20da%20xunta%20para%20derrogar%20o%20decreto)

[http://www.coordinadoraendl.org/entrada.php?paxina=arqw eb/coordinadora/especiais/novo decreto educac.php](http://www.coordinadoraendl.org/entrada.php?paxina=arqw%20de%20coordinadora/especiais/novo%20decreto%20educac.php)

Nova Escola Galega recolle tamén pronunciamentos propios e doutras organizacións, institucións e entidades que poden consultarse aquí:

<http://www.nova-escola-galega.org/WebDefault.aspx?MenuInd=1&MenuId=244&Lnq=gl-ES&tl=0>

O tempo de tramitación desta nova norma acolleu multitudinarias manifestacións cidadás en distintas ocasións e unha folga no ensino.

A publicación do decreto 79/2010 no Diario Oficial de Galicia veu acompañada do anuncio por parte de organizacións sindicais e lingüísticas da interposición de recursos. Ata o momento están admitidos a trámite os propostos pola Real Academia Galega, a Mesa pola Normalización Lingüística e dous máis interpostos polos

sindicatos CIG e STEG. Ao que hai que engadirle algún previo sobre a propia consulta lingüística realizada no remate do curso 2009 e presentado por NEG.

O feito de que se cuestione por parte de moitas entidades, incluídas as institucións de maior rango do país, a legalidade dalgúns aspectos da norma aprobada ou, ao remate do pasado curso, a dimisión en bloque do equipo encargado dos labores de coordinación territorial no ámbito dos Equipos de Dinamización e Normalización Lingüística, evidenciando a súa falta de sintonía coas directrices da Secretaría Xeral de Política Lingüística plasmadas no actual decreto, poñen de manifesto importantes dificultades para a súa inmediata aplicación.

O que está sucedendo no ámbito estritamente educativo enmárcase nun contexto xeral de involución daquelas iniciativas que pretenderon normalizar a lingua galega, outorgándolle un estatus diferente, en igualdade real co castelán. Desde a chegada ao goberno do Partido Popular en marzo de 2009 son destacables a estes efectos medidas tan regresivas como:

-A modificación do acceso á función pública, eliminando das probas selectivas a esixencia do coñecemento do idioma galego Lei 2/2009, de 23 de xuño, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo.

-Recortes orzamentarios que afectan a distintos sectores que deberan ser pioneiros no ámbito da cultura: edición de libros, sector audiovisual, medios de comunicación.

-Abandono por parte dos representantes do goberno e da administración das iniciativas a prol do galego, e do propio uso institucional do idioma ao que están obrigados, e desenvolvemento dunha actitude proactiva cara a argumentos que falsean a situación do idioma propio, presentando reiteradamente como un problema e non como unha oportunidade.

Santiago de Compostela, 4 de xullo do 2011.

Asdo.: M^a Dolores Candedo Gunturiz. Presidenta.

ANEXO:

PRINCIPAIS PUBLICACIÓNS DE NOVA ESCOLA GALEGA SOBRE A CUESTIÓN LINGÜÍSTICA

-NEG (1988), *Un Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego*.

-NEG e outras entidades e organizacións (1989), *Modelo para a Normalización Lingüística no Ensino*.

-NEG (1999) *Modelo de Normalización Lingüística para o Sistema Educativo Galego*

Web de NEG: [Publicacións](#).

-NEGOPINA: *Educación en galego: o compromiso renovado*, 2004 .

-NEGOPINA: *Normalización lingüística no ensino*, sobre o proxecto de decreto sobre promoción do galego no ensino, abril 2007.

-NEGOPINA: *A cuestión lingüística*, xuño 2009, sobre a consulta lingüística.

-NEGOPINA: *Un comezo de curso sen problemas*, outubro 2009, sobre a opacidade dos resultados da consulta ofrecidos pola administración.

-NEGOPINA: *Sobre as Bases do plurilingüismo*, xaneiro 2010.

-NEGOPINA: *O “Borrador” para a lingua*, abril 2010, sobre o anteproxecto de decreto.

-NEGOPINA: *Remate dun curso sen problemas*, xuño 2010.

-NEGOPINA: *Inicio do curso escolar: os efectos da política educativa conservadora*, outubro 2010, que inclúe unha primeira reflexión sobre a aplicación do novo decreto 79/2010

Web de NEG: [Publicacións-NEGOpina](#).

NEG (2009): [Nova Escola Galega e a lingua - 1983-2007 - 25 anos na defensa do idioma](#), Santiago de Compostela.